

## PEZA DO MES

setembro

2004



### SANTIAGO PEREGRINO

ANÓNIMO.

CA. 1750

MADEIRA POLICROMADA. OLLOS DE PASTA VÍTREA.

78 x 44 x 31 CM

ANTAS DE ULLA. LUGO

Nº Inv: 3.822

IMAXE DE SANTIAGO PEREGRINO DE DEVOCIÓN POPULAR PRODUCTO DA ESPIRITUALIDADE AMABLE E DULZONA QUE CARACTERIZA A ESCULTURA GALEGA TARDOBARROCA



### SANTIAGO PEREGRINO

Como acontece con outros mitos a *inventio* da tumba do Apóstolo Santiago non necesita ser explicado, con contalo chega. Con todo é necesario analizar e coñecer o tempo e as circunstancias nas que se forxou para poder comprendelo en todo o seu significado e transcendencia, non só para o mundo da fe e das crenzas senón para o das ideas, ó da cultura e o da arte. No que respecta ó mundo da arte, e especialmente para o da escultura, este coñecemento lévanos a constatar que o proceso de creación e posterior evolución da iconografía do Apóstolo Santiago vai estar unido de maneira inexorable ao descubrimento da tumba do Apóstolo e ao éxito prontamente acadado do feito da peregrinación. En efecto, ata que non se descubre ao redor do ano 830, nun lugar afastado do noroeste peninsular, pertencente á diocese de Iria, un vello sepulcro por parte do Bispo Teodomiro († 847), que se interpretou como o do Apóstolo Santiago o Maior, a imaxe do Apóstolo non adquiriría a súa verdadeira dimensión e personalida-

de. Ata aquel momento, a súa imaxe, ao non levar ningún símbolo que o identificase, como acontecía no caso de Pedro ou de Pablo, permanecía difuminada, resultando difícil recoñecelo entre o resto do Apostolado. Só dende Compostela forxaranse e evolucionarán ao longo do tempo, as distintas representacións de Santiago tal e como as coñecemos –Apóstolo, Peregrino, Matamouros ou Soldado de Cristo– adquirindo a súa verdadeira dimensión. Pero esta diversidade de representacións tan rica e variada non é casual nin gratuita, senón que serán impulsadas dende o poder eclesiástico e pola monarquía para satisfacer unhas necesidades relixiosas sen dúbida, pero tamén políticas e económicas, logrando un rápido éxito, sendo aceptadas moi pronto pola devoción popular.

Unha das representacións máis veneradas, xa dende a Idade Media, foi a que identifica ao Apóstolo cun peregrino. Santiago, a imitación de Cristo, convértese nesta representación en peregrino de seu propio santuario. Representase como a figura dun camiñante, o que se suxire ás veces pondo os pés en planos diferentes. Os seus signos son moi

característicos: sombreiro de gran á dobrada en media lúa, cabaza para a auga, bordón ou báculo de peregrino, que algunhas veces sobresaen da cabeza e do que colgan algúns símbolos ou cintas, o zurrón e venera, testemuña e salvoconducto da viaxe a Compostela, e a esclavina para protexerse da choiva.

Santiago peregrino soe representarse co rostro mozo e apacible, e o mirar soñador de quen comeza un longo camiño. Esta iconografía que identifica a Santiago cos seus devotos, xurde en Francia no século XII sendo difundida rapidamente por toda Europa, evolucionando e adaptándose aos distintos estilos ao longo dos séculos. A cima artística desta iconografía lográbase a comezos do século XV en Borgoña, coas célebres esculturas de Claus Sluter para a Cartuxa de Champmol, en Dijon. Neste momento lógrase un alto individualismo no rostro, unha gran maestría na plasmación das teas, e unha gran riqueza e complexidade no tratamento dos pregados, que terá unha gran influencia na escultura posterior, chegando a súa influencia en ocasións ata ben entrado o século XVI. O manierismo será un momento de inflexión, e levará a súa sinuosa elegancia a imáxenes incluso de tipo popular, moitas delas na actitude perdidas. Poucos anos máis tarde, o barroco, sen grandes modificacións, percibirase no tratamento quebrado dos pregues, na grandiosidade das tallas e na disposición dos brazos que portan o báculo e o libro, case sempre buscando a diagonal, e sobor de todo na búsqueda do naturalismo no rostro, vulgarizándose moitas das veces.

Partindo destes postulados, ao final da centuria acadará gran predicamento o Santiago labrado en 1694 para a Porta Santa da Catedral de Santiago, por Pedro del Campo, obra a incluír no círculo de seguidores de Domingo de Andrade, e que terá a súa culminación no Santiago que coroa a fornella central da fachada do Obradoiro.

De excepcional importancia para esta iconografía será tamén o Santiago peregrino da sala capitular da catedral de Santiago.

Realizado a mediados do século XVIII polo enigmático escultor José Gambino, introducido do estilo rococó en Galicia, marcará novas pautas na escultura galega. O aristocrático porte da súa figura, a riqueza da súa policromía, a melancolía do seu rostro e o tratamento dos cabelos influirán decisivamente no gusto de finais do século XVIII.

Estilisticamente a talla de Santiago peregrino que hoxe nos ocupa é deudora destas tendencias, tamizada polo gusto popular. Como é o habitual porta tódolos atributos que lle son característicos: bordón, sombreiro, libro e bolsa, esta moi distinta daquela que se describe no *Liber Sancti Iacobi* como “estreita de pé, coa boca aberta e sen ataduras”. Viste una rica túnica cinguida á cintura, que cubre con manto e esclavina onde loce as características vieiras. A disposición dos pés en actitude de andar motivan a disposición dos pregues da capa resoltos de forma acartonada, en leve movemento, indicando a súa condición de camiñante. O rostro, onde queda patente unha certa influencia rococó, resólvese con inxenuidade e empalago, acentuado polo tratamento dos cabelos e pola cuidada disposición das ondas da barba.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero . FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004

